



## Anexo á Ordenanza municipal de terrazas

### Sobre as características xeométricas, cores e publicidade que deben reunir as terrazas nas áreas protexidas

1. Nas zonas con protección definidas no artigo 3 da Ordenanza as características das terrazas serán acordes co ambiente, polo que non se permitirá ningún tipo de mesas, cadeiras, antucas, toldos ou mobiliario realizado con elementos plásticos, nin de pvc, nin de aparencia plástica, nin a utilización de cores vivas ou publicidade agresiva.

2. **Mesas e cadeiras:** Nas zonas con protección, as mesas e cadeiras non poderán ser de superficies planas plásticas nin de aparencia plástica, podendo levar unicamente logotipos discretos cuxo texto non poida ser lido dende mediana distancia.

3. **Antucas:** Nas áreas protexidas, as antucas terán a súa estrutura de madeira tratada para exteriores, a súa base poderá ser metálica, pero os titulares dos establecementos comprométese implicitamente ao seu mantemento efectivo, de xeito que non produzan óxido que poida deteriorar o pavimento. **O tecido que a cobre deberá ter forma cadrada, nas cores da gama dos brancos.**

4. **Toldos:** Admitiranse tres tipos de toldos, ben se están colocadas as terrazas de modo illado ou están acaroados á fachada. Os tipos de toldos e as súas características na zonas con protección son as seguintes:

- **Toldos de trazado inclinado**, con unha ou dúas vertentes, ámbalas dúas extensibles mediante brazos articulados, con capacidade para a súa recollida. Poderán ter o seu soporte base na fachada do establecemento e unha auga ou ben terano en unha estrutura independente, podendo ser a unha ou a dúas augas. No caso de ter unha estrutura independente, esta será de madeira tratada para exteriores e a súa base metálica, nas condicións que figuran no punto anterior.
- **As cores permitidas para todos eles son** as cores corporativas do Concello de Rianxo (azul e gris, definidas a seguir), tamén o Granate RAL 3005 ou calquera cor comprendida dentro da gama dos Brancos, e que a seguir se reflicten:

AZUL “Pantone 308”

GRIS “Pantone Cool Gray 10”

GRANATE “Pantone 490 (ou o seu equivalente: RAL 3005)”

BRANCO “Pantone Warm Gray 1 (RAL 9001)”, “Pantone 420 (RAL 9002)”, “Pantone 705 (RAL 9003)”, ou “Pantone Cool Gray 1 (RAL 9010)”.



- Non se admitirá a combinación das cores. A cor elixida será única en todo o toldo.
- Respecto á tipografía a empregar, poderase utilizar sempre a mesma que a da imaxe corporativa do establecemento, pero unicamente as letras sen o símbolo do logotipo. No seu defecto poderase utilizar unha tipografía **Helvetica Black** ou tipo **Sans-Serif** substitutivo similar (*Open Sans, Free Sans, Liberation Sans, Nimbus Sans, Roboto Black*).
- Poderase utilizar para as letras dos rótulos as mesmas cores que se reflicten respecto do fondo, expresadas máis arriba. A disposición e tamaño dos textos será proporcional ao tecido no que se impriman, empregando criterios comprobados de composición.
- Se o tecido é azul ou granate, as letras deberán estar comprendidas dentro da gama dos brancos que se reflicten no parágrafo anterior. Se o tecido elixido é de unha das cores brancas autorizadas, o texto poderá estar grafado en cor Azul Pantone 308 ou Granate Pantone 490. As letras, sen símbolo, estarán impresas unicamente na onda de bambolina. No resto do toldo non se permitirán nin logos nin símbolos nin emblemas de ningún tipo.
- A onda de bambolina será totalmente recta no seu borde, sen ondas nin ornatos innecesarios.
- **Toldo sobre pérgola** a unha auga, con soporte na fachada da edificación e en outra barra no final do toldo, apoiada sobre postes. **As condicións de cor son as mesmas ca no caso anterior**, e os elementos da pérgola unicamente poderán ser de madeira tratada para exteriores, de metal en cor marrón escuro ou da mesma cor que o propio toldo.
- **Toldos sobre pérgola**, horizontais e facendo ondas. A súa estrutura, ao igual que no caso anterior, poderá ser de madeira tratada para exteriores ou metal en cor marrón escuro. **A única cor permitida para os toldos planos é a comprendida na gama dos brancos**. Pensado principalmente para terrazas independentes dos edificios, deberá estar separada das edificacións alomenos 120 cm.

Nos casos nos que as estruturas utilizadas sexan de madeira tratada para exteriores, os titulares correrán co adecuado mantemento da madeira, podendo o Concello realizalo de xeito subsidiario e por conta do titular, no caso de que aquel non o realice, seguindo a tramitación prevista para as ordes de execución na Lei 9/2002.



Queda prohibida a utilización permanente dun pechamento lateral vertical das terrazas, podendo colocalo unicamente de modo puntual e xustificado.

**5. Plataformas:** Como regra xeral, non se permitirá a colocación de plataformas como pavimento das terrazas, pero en casos xustificados o Concello poderá autorizar a colocación de plataformas horizontais como pavimentos de terraza que sempre serán desmontables e unicamente realizadas en madeira tratada, previo informe da Oficina de Rehabilitación. Estas plataformas poderán ser desmontadas, previo aviso ao titular con 24 horas de antelación, ben polo propio persoal do Concello, ben polo propio titular da terraza.

**6. Homologacións:** A homologación pertinente para as zonas con protección realizaraa o propio Concello, para o que poderá acudir ao asesoramento de órganos especializados ou ao propio persoal municipal en materia de urbanismo e rehabilitación. O Concello abrirá un período para que se presenten os distintos modelos de mobiliario de terrazas co fin de que sexan homologados.